

XULLO
2022



ÁS AVOAS E AOS AVÓS

Aínda que hai moitas festas nas nosas parroquias, queremos poñer en valor a que celebramos na parroquia de San Adrián de Calvos o día 26 de xullo: Santa Ana e San Xoaquín.

É a festa das avoas e dos avós. É a festa ás persoas maiores. É a festa e a homenaxe a quen deu vida a estas comunidades, e hoxe contempla na ancianidade o paso dos tempos.



As súas para nada foron vidas fáciles e cómodas. Estes pasados días do mes de xuño fíxoselle en Fornelos unha homenaxe e un recoñecemento ao que facer das súas historias.

XORNADA PREHISTORIA ANO CERO

O pasado día 18 de xuño tivo lugar no recinto cultural de Vilán a Xornada da prehistoria ano cero.

Poder disfrutar dun evento destas características nas nosas terras non está ao alcance de calquera e supón todo un fito.

Puido levarse a cabo grazas á asociación **Concilio de Portalén**. Nela, un grupo de veciños e veciñas, co seu esforzo, valor, tenacidade e tempo, están conseguindo poñer en valor o ámbito rural e cultural das nosas terras.

Nesta xornada de asomo á prehistoria, e grazas a unha empresa especializada, puido facerse un achegamento aos seus xeitos de cociñar, tamén se puido recrear a creación de petróglifos, a pintura en pedra, e a creación de obxectos decorativos.

Todos os participantes salientaron a grandeza do evento e a riqueza que na zoa temos: petróglifos, sartego de pedra, foxo do lobo, neveiro, Costas do Alén, Monte da Cidade, e tantas e tantas outras cousas que enchen a nosa prehistoria, e queremos que formen parte da nosa historia actual.

Grazas Concilio de Portalén polo acadado este 18 de xuño.




“Un contiño para vivir”**“Afundimento”**

Todos os veráns iamos veranear ao campo. Cando era moi pequena gozaba de pasar ese tempo cos meus pais pero cando cumprín doce anos as cousas cambiaron. Os veráns facíanse aburridos e cada vez custábame máis soportar o longo mes de agosto illada da gran cidade.

No campo visitaba ás miñas curmás que eran as persoas máis insípidas que poidan imaxinarse. Entre nós existía un abismo.

Elas non sabían nada de nada da vida verdadeira. E eu cada ano sabía máis cousas, porque na cidade (pensaba eu) cada paso é unha aprendizaxe. Eran aburridas e non me gustaban. Non quería velas; pero en verdade eran as que permitían que as vacacións fosen máis soportables. Podía burlarme da súa estupidez, sempre que lles dicía algo elas o crían e como eu era algo maior ca elas, podía controlalas con facilidade. Non as soportaba pero que sería o meu verán sen elas!

A posibilidade de xogarlles unha mala pasada motivaba os meus amenceres. Eran tan estúpidas!. Unha tarde na que todos os adultos foron dar un paseo, estabamos soas e eu propuxen ir á piscina. Non hai nada máis divertido e excitante que meterse na piscina cando non hai ningún maior preto. Recomendeilles que non se metesen, entón unha delas tirouse de cabeza e comezou a nadar. A ira apoderouse de min e nadei cara a ela: eu, que viña da cidade, ía a natación desde os dous anos e non ía gañarme nesa materia ninguén. Suxéitea polo pelo; non puido nin gritar, o seu corpo afundiuse como se afunde unha pedra. Non lembro nada máis.



Atopa cada cadro no debuxo

SANTO PARA O MES
en xullo, día 31,
IGNACIO
DE LOIOLA

Nome de orixe latina, do xentilicio Egnatus, provinte do etrusco, transformado na época posclásica en Ignatius. Significa “orgullosa”

San Ignacio de Loiola (Íñigo López de Recalde) naceu en Loiola no 1491. Resultou ferido nunha batalla o 20 de maio do 1521 e dende entón converteuse e decidiu adicar a súa vida a Deus. Fundou a Compañía de Xesús (os xesuítas), e faleceu no 1556. Estudou latín en Barcelona e filosofía e teoloxía en París, onde cambiou o seu nome de Íñigo polo de Ignacio. O papa Francisco é xesuíta.

CONSELLO



“Vivir non é solo existir,
 senón existir e crear,
 saber gozar e sufrir
 e non durmir sen soñar.
 Descansar, é empezar a morrer.”
 Gregorio Maraño

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Días importantes do mes de xullo



Virxe do Carme o 16 de xullo



Tamén chamada Estrela do Mar, en latín Stella Maris, e é patroa dos mariñeiros. A devoción mariña espallouse a moitos países de Europa e por España e Portugal a Iberoamérica a partir do século XVI.

Santiago apóstolo o 25 de xullo

Santiago é fillo de Zebedeo, irmán de Xoán, mariñeiro e compañeiro de Pedro e Andrés.

Santo protector de España e seu único patrón. Esta xornada é festiva en diversos municipios e comunidades do país, especialmente en Galiza e País Vasco. En Galiza coincide co Día de Galiza o Día da Patria Galega.



Santa Marta o 29 de xullo



Marta era irmá de María e de Lázaro. Xesús hospedouse varias veces na súa casa de Betania. É patroa das causas imposibles (pola súa rogativa a Xesús no episodio da morte de Lázaro), das amas de casa, cociñeiros, dos hoteleiros, casas de hospedes (por ser a dela a casa na que Xesús se hospedou moitas veces), do fogar e das irmás da caridade.

Unhas palabras do Papa Francisco

Por atención ao predicar homilías

“Non sei como predican os sacerdotes sicilianos, se predican como se suxire na Evangelii Gaudium ou si predican de tal maneira que a xente sae a fumar e logo volven... eses sermóns nos que se fala de todo e de nada. Teñan en conta que despois de oito minutos a atención decae, e a xente quere sustancia. Un pensamento, un sentimento e unha imaxe, e o levan durante toda a semana”.



LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XULLO

DÍA 3	LECTURA	Is 66, 10-14	Velaí mandarei sobre ela como choiva a paz
	EVANXEO	Lc 10, 1-9	Enviou a 72 a anunciar a boa nova
DÍA 10	LECTURA	Dt 30, 10-14	A Palavra de Deus témola no corazón
	EVANXEO	Lc 10, 25-37	O bo samaritano
DÍA 17	LECTURA	Col 1, 24-28	Cristo é para todos a gloria esperada
	EVANXEO	Lc 10, 38-42	María escolleu escoitar ao Señor
DÍA 24	LECTURA	Col 12, 12-14	Deuvos a vida con El perdoándovos os pecados
	EVANXEO	Lc 11, 1-13	Cando recedes dicide PAI
DÍA 31	LECTURA	Col 3, 1-5.9-11	Buscade as cousas de alá arriba, onde está Cristo
	EVANXEO	Lc 12, 13-21	Gardádevos da cobiza